B) RETRIBUCIÓN COMPLEMENTARIAS: COMPLEMENTO DE DESTINO segundo importes vixentes a 31/12/2024						0,98	1,025	
Denominación do posto de traballo	Grupo Programa	Nivel.	Nº dotacións	Contía mensual	CUSTO ANUAL	Total sen increm. do 2% 2024	Total co increm. do 2,5% 2024	Posible Incremento 0,5% 2024 ligado ao IPC
TERAPEUTA OCUPACIONAL (4207)	231	20	1	526,09	7.365,26	7.217,95	7.398,40	33,14
XEROCULTOR/A (4208)	231	14	5	364,97	25.547,90	25.036,94	25.662,87	114,97
TÉCNICO/A MINAS SAN FINS (Fixo-Discontinuo) (5112) 6 meses	334	20	1	526,09	3.682,63	3.608,98	3.699,20	16,57
SOCORRISTA (Fixo-Discontinuo) (5119) 3 meses	341	14	1	364,97	1.277,40	1.251,85	1.283,14	5,75
SUMAS			8	1.782,12	37.873,19			170,43
Total grupo de programa 231.....				891,06	32.913,16			148,11
Total grupo de programa 334.....				526,09	3.682,63			16,57
Total grupo de programa 341.....				364,97	1.277,40			5,75
TOTAL CRÉDITO ORZAMENTO.....				1.782,12	37.873,19			170,43

CONCELLO DE LOUSAME
ORZAMENTO PARA O EXERCIZO DE 2025
ANEXO DE PERSOAL

Apartado 1.3 PERSOAL LABORAL FIXO PERSOAL LABORAL FIXO Centro de Día e Fixo Discontinuo

B) RETRIBUCIÓN COMPLEMENTARIAS: COMPLEMENTO ESPECÍFICO vixente a 31.12.24, máis o incremento 4/4 da RPT					0,98	1,025	
Denominación do posto de traballo	Grupo Programa	Nº dotacións	Contía mensual	CUSTO ANUAL	Total sen increm. do 2% 2024	Total co increm. do 2,5% 2024	Posible Incremento 0,5% 2024 ligado ao IPC
TERAPEUTA OCUPACIONAL (4207)	231	1	109,05	1.526,72	1.496,19	1.533,59	6,87
XEROCULTOR/A (4208)	231	5	109,05	7.633,60	7.480,93	7.667,95	34,35
TÉCNICO/A MINAS SAN FINS (Fixo-Discontinuo) (5112) 6 meses	334	1	109,05	763,35	748,08	766,79	3,44
SOCORRISTA (Fixo-Discontinuo) (5119) 3 meses	341	1	109,05	381,68	374,04	383,39	1,72
SUMAS		8	436,20	10.305,35			46,37
Total grupo de programa 231.....			218,10	9.160,32			41,22
Total grupo de programa 334.....			109,05	763,35			3,44
Total grupo de programa 341.....			109,05	381,68			1,72
TOTAL CRÉDITO ORZAMENTO.....			436,20	10.305,35			46,37

CONCELLO DE LOUSAME
ORZAMENTO PARA O EXERCIZO DE 2025
ANEXO DE PERSOAL

Apartado 1.3 PERSOAL LABORAL FIXO Centro de Día e Fixo Discontinuo

E) SEGURIDADE SOCIAL. Cota patronal, segundo importes vixentes a 31/12/2024									
Funcionario:	Programa de Gasto	Total bases c. Anuais 2025	Cota Corporac. Seg. Soc. %			Importe Cota Corporac. por S.S.	Total BC incremento 0,5% 2024	Importe Cota Corporac. por S.S. incremento	TOTAL
Actuacións de protección e promoción social			C. comúns	C. Profes.	% Total				
TERAPEUTA OCUPACIONAL (4207)	231	24.333,74	24,27	7,95	32,22	7.840,33	109,50	35,28	7.875,61
XEROCULTOR/A (4208)	231	86.004,70	24,27	7,95	32,22	27.710,71	387,02	124,70	27.835,41
TOTAL		110.338,44				35.551,05			35.711,03
Producción de bens públicos de carácter preferente			C. comúns	C. Profes.	% Total				
TÉCNICO/A MINAS SAN FINS	334	12.166,86	24,27	7,95	32,22	3.920,16	54,75	17,64	3.937,80
SOCORRISTA	341	4.165,23	24,27	9,90	34,17	1.423,26	18,74	6,40	1.429,66
TOTAL		16.332,09				5.343,42			5.367,47
						40.894,47			41.078,49
Total área de gasto 2.....						35.551,05			35.711,03
Total área de gasto 3.....						5.343,42			5.367,47
Total consignación Orzamentaria.....						40.894,47			41.078,49

CONCELLO DE LOUSAME
ORZAMENTO PARA O EXERCIZO DE 2025
ANEXO DE PERSOAL

Apartado 1.4 PERSOAL LABORAL TEMPORAL

RETRIBUCIÓN BÁSICAS, coas contías vixentes a 31.12.24												0,98	1,025	
Denominación do posto de traballo	Grupo Programa	Nº dotacións	Grupo	Soldo Mensual	(A) Soldo anual	Trienios mensuais	(B) Trienios anuais	Pagas Extraordinarias		(C) Pagas extraordinarias	Total retribucións básicas A + B + C	Total sen increm. do 2% 2024	Total co increm. do 2,5% 2024	Posible Incremento 0,5% 2024 ligado ao IPC
								Soldo	Trienios					
AUXILIAR SAF (xornada parcial 50%)	231	1	E	731,35	8.776,20			539,84		1.079,68	9.855,88	9.658,76	9.900,23	44,35
TOTAIS.....		1			8.776,20					1.079,68	9.855,88			44,35
Total grupo de programa 231.....					8.776,20					1.079,68	9.855,88			44,35
TOTAL CRÉDITO ORZAMENTO.....					8.776,20					1.079,68	9.855,88			44,35

(A) Soldo: 12 mensualidades ordinarias
(B) Trienios: 12 mensualidades ordinarias
(C) Pagas Extraordinarias (2): soldo + trienios

CONCELLO DE LOUSAME
ORZAMENTO PARA O EXERCIZO DE 2025
ANEXO DE PERSOAL

Apartado 1.4 PERSOAL LABORAL TEMPORAL

E) SEGURIDADE SOCIAL. Cota patronal, coas contías vixentes a 31.12.2024										
Funcionario:	Programa de Gasto	Total bases c. Anuais 2025	Cota Corporac. Seg. Soc. %			Importe Cota Corporac. por S.S.	Total BC incremento 0,5% 2024	Importe Cota Corporac. por S.S. incremento	TOTAL	
Actuacións de protección e promoción social			C. comúns	C. Profes.	% Total					
AUXILIAR SAF (xornada parcial 50%)		231	9.855,88	24,27	7,95	32,22	3.175,56	44,35	14,29	3.189,85
TOTAL			9.855,88				3.175,56			3.189,85
Total área de gasto 2.....						3.175,56				3.189,85
Total consignación Orzamentaria.....						3.175,56				3.189,85

CONCELLO DE LOUSAME
ORZAMENTO PARA O EXERCIZO DE 2025
ANEXO DE PERSOAL

Apartado 1.5 ÓRGANOS DE GOBERNO

RETRIBUCIÓN ANUAIS, derivadas do acordo plenario organizativo do 07/07/2023, cos importes vixentes a 31.12.24									
Cargo electivo	Soldo Mensual	(A) Soldo anual	Importe Trienio ordinario	Importe Trienio Extra	(B) Importe anual Trienios	Total retribucións A + B	0,98	1,025	Posible Incremento 0,5% 2024 ligado ao IPC
							Total sen increm. do 2% 2024	Total co increm. do 2,5% 2024	
ALCALDÍA (dedicación exclusiva) MTVP	3.214,65	45.005,16	41,65	30,37	1.889,75	46.894,91	45.957,01	47.105,94	211,03
2º TENETE ALCALDE (dedicación parcial) SAF	1.530,00	21.420,00				21.420,00	21.000,00	21.525,00	105,00
3º TENENTE ALCALDE (dedicación parcial) RMMR	1.530,00	21.420,00				21.420,00	21.000,00	21.525,00	105,00
TOTAIS.....		87.845,16			1.889,75	89.734,91			421,03
Total grupo de programa 912.....		87.845,16			1.889,75	89.734,91			421,03
TOTAL CRÉDITO ORZAMENTO.....		87.845,16			1.889,75	89.734,91			421,03

(A) Soldo: 14 mensualidades (12 ordinarias + 2 extraordinarias)
(B) Trienios: 14 mensualidades (12 ordinarias + 2 extraordinarias)

Desagregación trienios durante 2025	Trienios
ALCALDÍA (dedicación exclusiva) MTVP 1/01/2025 a 31/03/2025	13 A2

CONCELLO DE LOUSAME
ORZAMENTO PARA O EXERCIZO DE 2025
ANEXO DE PERSOAL

Apartado 1.5 ÓRGANOS DE GOBERNO. SEGURIDADE SOCIAL									
Órgano de goberno	Área de gasto	Total bases C. Anuais 2025	Cota Corporac. Seg. Soc. %			Importe cota corporac. por S.S.	Total BC incremento 0,5% 2024	Importe Cota Corporac. por S.S. incremento	TOTAL
ACTUACIÓNS DE CARÁCTER XERAL			C. Comúns	C. Profes.	% Total				
CONCELLEIRA DEDICACIÓN PARCIAL	9	21.420,00	24,27	8,95	33,22	7.115,72	105,00	34,88	7.150,61
CONCELLEIRO DEDICACIÓN PARCIAL	9	21.420,00	24,27	8,95	33,22	7.115,72	105,00	34,88	7.150,61
TOTAL						14.231,45			14.301,21
Total área de gasto 9.....						14.231,45			14.301,21
Total consignación Orzamentaria.....						14.231,45			14.301,21



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE LOUSAME.
EXERCICIO 2025.

FUNCIONARIOS DE CARREIRA

DENOMINACIÓN	CÓDIGO RPT	Nº	GR	NIVEL	ESCALA	SUBESCALA	SITUACIÓN
SECRETARÍA-INTERVENCIÓN- TESOURERÍA	1000	1	A1	30	Funcionario de Administración Local con Habilitación Nacional	Secretaría - Intervención	Propiedade
TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL	1001	1	A1	26	Administración Xeral	Técnica	Propiedade
ARQUITECTO TÉCNICO	2001	1	A2	24	Administración Especial	Técnica	Vacante (posto ocupado por persoal laboral fixo, pendente de funcionarización, incluído na OEP ordinaria 2023, BOP 243 do 22.12.23)
ADMINISTRATIVO TESOURERÍA	1002	1	C1	22	Administración Xeral	Administrativa	Propiedade
ADMINISTRATIVO	1004	1	C1	18	Administración Xeral	Administrativa	Vacante (incluído na OEP ordinaria 2023, BOP 243 do 22.12.23)
AUXILIAR ADMINISTRATIVO	4005	1	C2	18	Administración Xeral	Auxiliar	Vacante (incluído na OEP ordinaria 2023, BOP 243 do 22.12.23)
CELADORA CPI	3208	1	E	14	Administración Xeral	Subalterna	Propiedade

PERSOAL LABORAL FIXO

DENOMINACIÓN	CÓDIGO RPT	Nº PRAZAS	GRUPO	NIVEL	SITUACIÓN
TRABALLADOR SOCIAL COORDINADOR	4000	1	II (A2)	22	Persoal Laboral Fixo



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

TÉCNICO DE XUVENTUDE	5116	1	II (A2)	20	Persoal Laboral Fixo
TRABALLADOR SOCIAL	4001	1	II (A2)	20	Persoal Laboral Fixo (actualmente coa xornada ao 50%; coa previsión de incremento a xornada completa)
EDUCADOR SOCIAL (XORNADA 50%)	4102	1	II (A2)	20	Persoal Laboral Fixo
AEDL	1007	1	II (A2)	20	Persoal Laboral Fixo
XESTOR CULTURAL	5118	1	II (A2)	20	Persoal Laboral Fixo
TÉCNICO DE DEPORTES	5114	1	II (A2)	20*	Persoal Laboral Fixo
AUXILIAR PAI	4108	2	X (B)	18*	Persoal Laboral Fixo
ADMINISTRATIVO INTERVENCIÓN	1003	1	III (C1)	22	Persoal Laboral Fixo
ADMINISTRATIVO CULTURA	5117	1	III (C1)	16	Persoal Laboral Fixo
CAPATAZ	3100	1	IV (C2)	16	Persoal Laboral Fixo
AUXILIAR BIBLIOTECA	5113	1	IV (C2)	16	Persoal Laboral Fixo
OFICIAL V.O. E TRACTORISTA	3108	1	IV (C2)	16	Persoal Laboral Fixo
AUXILIAR ADMINISTRATIVO	1005	1	IV (C2)	18	Persoal Laboral Fixo
TAFD	5115	1	X (B)	18	Persoal Laboral Fixo
AUX ADMVO XULGADO PAZ (XORNADA 50%)	1008	1	IV (C2)	18	Persoal Laboral Fixo
CONSERXE (XORNADA 10H/SEMANA)	3209	1	V (E)	10	Persoal Laboral Fixo
OFICIAL 2ª E TRACTORISTA	3108	1	V (E)	12	Vacante (incluído na OEP ordinaria 2023, BOP 243 do 22.12.23)
OPERARIO V.O. E TRACTORISTA	3109	1	V (E)	10	Persoal Laboral Fixo
TERAPEUTA OCUPACIONAL	4207	1	II (A2)	20*	Vacante (persoal laboral fixo, na situación administrativa de excedencia por incompatibilidade, por desempeño doutro posto dentro do sector público, ao abeiro do artigo 10 da Lei 53/1984, do 26 de decembro)



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

XEROCULTOR	4208	5	IV (C2)	14	Persoal Laboral Fixo: 3 Vacante: 2 (incluídas na OEP ordinaria 2024, BOP 97 do 21.05.24)
SOCORRISTA PISCINA (FIXO- DISCONTINUO)	5119	1	IV (C2)	14	Persoal Laboral Fixo Discontinuo
TÉCNICO MINAS SAN FINX (FIXO- DISCONTINUO)	5112	1	II (A2)	20	Vacante (persoal laboral fixo, na situación administrativa de excedencia por incompatibilidade, por desempeño doutro posto dentro do sector público, ao abeiro do artigo 10 da Lei 53/1984, do 26 de decembro)

PERSOAL LABORAL TEMPORAL. OUTRO PERSOAL

DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS	OBSERVACIÓNS	SITUACIÓN
Asistencia social primaria			
AUXILIAR SAF (1/2 xornada)	1	Axuda no fogar	Temporal

Lousame, na data da sinatura dixital.
A Alcaldesa
Mª Teresa Villaverde Pais.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ANEXO DA DÉBEDA

- Anexo da Débeda 2025
- Evolución da débeda do 01/01/2025 ao 31/12/2025
- Estado da situación da débeda e previsión de movementos no 2025
- Documentación xustificativa da amortización dos préstamos provinciais
- Documentación xustificativa da amortización dos préstamos do IGVS

EVOLUCIÓN DA DÉBEDA DO 01/01/2025 AO 31/12/2025

Operaciones crédito a l/p con entidades de crédito (BANCOS)

Non existen

Débeda Participación Tributos Estado

Non existen

Débeda coa Deputación da Coruña: PAI 2015

	Importe inicial	01/01/2025	Amortizacións 2025	31/12/2025
Reduc débeda	37.537,97	142.458,16	98.234,10	44.224,06
Colectores	30.168,56			
Luminarias	58.820,00			
Acceso Pousada	48.779,26			
	175.305,79			

Débeda coa Deputación da Coruña: PAI 2016

	01/01/2025	Amortizacións 2025	31/12/2025
Reduc débeda	25.685,74	0	25.685,74
Seoane	76055,19	0	76.055,19
Silvarredonda	73135	0	73.135,00
	174.875,93	0	174.875,93

Débeda coa Deputación da Coruña: Préstamo Provincial 2017

	01/01/2025	Amortizacións 2025	31/12/2025
Reduc débeda	12.474,03	0	12.474,03
Planta - Servia	96.010,69	0	96.010,69
	108.484,72	0	108.484,72

Débeda coa Deputación da Coruña: Préstamo Provincial 2018

	01/01/2025	Amortizacións 2025	31/12/2025
Reduc débeda	47.448,06	0	47.448,06
Cernande	75.297,65	0	75.297,65
Aldarís	59.213,37	0	59.213,37
	181.959,08	0	181.959,08

Débeda coa Deputación da Coruña: Préstamo Provincial 2019

	01/01/2025	Amortizacións 2025	31/12/2025
Béxeres	129.034,12	0,00	129.034,12
	129.034,12	0,00	129.034,12

Débeda coa Deputación da Coruña: Préstamo Provincial 2020

	01/01/2025	Amortizacións 2025	31/12/2025
Pousada	49.368,00	0,00	49.368,00
Vilacova	48.999,85	0,00	48.999,85
Comparada	32.281,06	0,00	32.281,06
	130.648,91	0,00	130.648,91

Débeda co IGVS. Fondo de Cooperación 2022

	Importe inicial	01/01/2025	Amortizacións 2025	31/12/2025
S.Xoán Lousame	66.334,11	170.174,15	28.362,36	141.811,79

Lavad Lesende	49.545,12
Lavad Meixonfrío	20.710,69
Camboño Hurbe	63.052,27
Contam Lumínica	37.516,05
	237.158,24
DII 2024/2025	7.694,53
	229.463,71

Débeda co IGVS. Fondo de Cooperación 2023

	Importe inicial	01/01/2025	Amortizacións 2025	31/12/2025
Vestiaros	43.997,78	38.498,06	5.499,72	32.998,34
	43.997,78	38.498,06	5.499,72	32.998,34

ESTADO DO MOVEMENTO E SITUACIÓN DA DÉBEDA AO LONGO DO 2025								
F.1.1.B3. Estado de movimiento e situación da débeda		Previsión a 31/12/2024		Previsión 2025			Previsión a 31/12/2025	
Concepto	Débeda Viva (1)	Credito dispoñible	Disposto no exercicio (2)	Amortizaciones		Xuros e gastos financieros	Débeda viva (5)=(1)+(2)-(3)-(4)	Credito dispoñible
				Ordinaria s/ contrato (3)	Extraordinaria (4)			
Operacións con Entidades de crédito								
Con Entidades de Credito Residentes								
Créditos a c/p (en euros)	0,00		100.000,00			4.000,00	100.000,00	
Créditos a l/p (en euros)								
Outros créditos a l/p (en euros) sen operación de derivados asociada								
Outros créditos a l/p (en euros) con operación de derivados asociada								
Factoring sen recurso								
Avales executados								
a Entidades dependentes (Administraciones Publicas)								
Resto de entidades dependentes								
Entidades no dependentes								
Débedas con Administraciones Públicas								
Coa Administración Xeral do Estado								
Liquidación PIE - 2020								
Fondo de financiación pago a proveedores								
Outros								
Coa Comunidad Autonoma	208.672,21			33.862,08			174.810,13	
Coa Diputacion	867.460,92			98.234,10			769.226,82	
Coa Seguridad Social (aplazado con cuadro de amortización)								
Coa AEAT (aplazado con cuadro de amortización)								
Con outras Administraciones Públicas								
Outras operaciones de credito								
Arrendamientos financieros								
Pagos aprazados								
Inversións con abono total do prezo								
Asociacións Público privadas (APP's)								
Outras								
TOTAIS:	1.076.133,13	0,00	100.000,00	132.096,18	0,00	4.000,00	1.044.036,95	0,00

ANEXO DA DÉBEDA. ORZAMENTO 2025

ESTADO DE SITUACIÓN DA DÉBEDA E PREVISIÓN DE MOVEMENTOS DURANTE O 2025									
DÉBEDA	DATA DE FORMALIZACIÓN	IMPORTE	01/01/2025	XUROS PREVISIÓN	AMORTIZACIÓN ANO 2025	ANUALIDADE TEÓRICA	PENDENTE A 31/12/2025	PRIMEIRO VENCIMENTO	DERRADEIRO VENCIMENTO
PRÉSTAMOS A LONGO PRAZO									
<i>Non se prevén</i>									
PRÉSTAMOS A CURTO PRAZO:									
Operación de tesourería									
<i>Previsión de nova contratación</i>	01/07/2025	100.000,00	0,00	4.000,00	0,00	0,00	100.000,00		01/07/2026
OUTRAS OPERACIÓNS CRÉDITO									
<i>PAI 2015 Deputación</i>	2015	175.305,79	142.458,16	0,00	98.234,10	17.530,58	44.224,06	Ano 2027	Ano 2036
<i>PAI 2016 Deputación</i>	2016	174.875,93	174.875,93	0,00	0,00	17.487,59	174.875,93	Ano 2026	Ano 2035
<i>Prést Provincial 2017 Deputación</i>	2017	108.484,72	108.484,72	0,00	0,00	10.848,47	108.484,72	Ano 2027	Ano 2036
<i>Prést Provincial 2018 Deputación</i>	2018	181.959,08	181.959,08	0,00	0,00	18.195,91	181.959,08	Ano 2026	Ano 2035
<i>Prést Provincial 2019 Deputación</i>	2019	129.034,12	129.034,12	0,00	0,00	12.903,41	129.034,12	Ano 2027	Ano 2036
<i>Prést Provincial 2020 Deputación</i>	2020	130.648,91	130.648,91	0,00	0,00	13.064,89	130.648,91	Ano 2026	Ano 2035
<i>Fond Cooperación IGVS 2022</i>	2022	229.463,71	170.174,15	0,00	28.362,36	28.682,96	141.811,79	Ano 2023	Ano 2030
<i>Fond Cooperación IGVS 2023</i>	2023	43.997,78	38.498,06	0,00	5.499,72	5.999,72	32.998,34	Ano 2024	Ano 2031
TOTAIS préstamos longo prazo			0,00	0,00	0,00	0,00	0,00		
TOTAIS préstamos a curto prazo			0,00	4.000,00	0,00	0,00	100.000,00		
TOTAIS Outras operacións			1.076.133,13	0,00	132.096,18	124.713,54	944.036,95		
TOTAIS			1.076.133,13	4.000,00	132.096,18	124.713,54	1.044.036,95		



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE XESTIÓN DE PLANS

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE PRORROGA NOVAMENTE O PRAZO DE
DEVOLUCIÓN DO PRÉSTAMO PROVINCIAL DO PLAN DE AFORRO E
INVESTIMENTO (PAI) 2015 PARA QUE O PRAZO DE DEVOLUCIÓN SEXA
DESDE O ANO 2027 ATA O ANO 2036**

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

Visto o expediente relativo á prórroga do prazo de devolución do préstamo provincial do Plan de aforro e investimento (PAI) 2015, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

O Pleno desta deputación, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de novembro de 2014 aprobou as Bases reguladoras do Plan de aforro e investimento (PAI) 2015, cuxo texto publicouse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 231 do 2 de decembro de 2014.

Neste Plan PAI 2015, aprobado polo Pleno provincial na sesión realizada o 27 de marzo de 2015, esta deputación asígnalle aos concellos unha cantidade en concepto de préstamo provincial 2015 que debían destinar á redución da súa débeda con entidades financeiras e a realización de investimentos, e que ao ter natureza de "préstamo" os concellos debían devolver, sen xuros, nun prazo de devolución durante 10 anos a partir do ano 2017 ata o ano 2026.

Posteriormente, as Bases reguladoras deste Plan foron modificadas tres veces: a primeira modificación foi aprobada mediante acordo plenario do 8 de outubro de 2015 (BOP número 196 do 14 de outubro de 2015) para incluír un Plan complementario; a segunda modificación foi aprobada mediante acordo plenario do 28 de outubro de 2016 (BOP número 207 do 2 de novembro de 2016) para atrasar ata o ano 2019 a data de devolución do préstamo provincial que inicialmente comezaba no ano 2017; e a terceira modificación foi aprobada mediante acordo plenario do 14 de setembro de 2018 (BOP número 184 do 26 de setembro de 2018) para retrasar novamente a data de devolución do préstamo para pasar a realizarse entre os anos 2021 e 2030 e dispoñer tamén que este

prazo poderá ser prorrogado novamente mediante Resolución da Presidencia desta Corporación provincial, prorrogándose de novo ata o ano 2023 mediante a Resolución da Presidencia desta corporación provincial número 2020/25020, do 27 de agosto de 2020 e ata o ano 2025 mediante a Resolución da Presidencia desta corporación provincial número 2022/34921, do 11 de agosto de 2022.

Tendo en conta a situación económica do concellos e que esta deputación segue en disposición de atrasar novamente a data na que os concellos inicien a devolución do préstamo provincial, de xeito que o prazo de devolución do préstamo provincial do PAI 2015 se inicie a partir do ano 2027 ata o 2036.

II. FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do PAI 2015, aprobadas polo Pleno desta deputación o 27 de novembro de 2014 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 231 do 2 de decembro de 2014, modificadas mediante acordos plenarios do 8 de outubro de 2015 (BOP número 196 do 14 de outubro de 2015), do 28 de outubro de 2016 (BOP número 207 do 2 de novembro de 2016) e do 14 de setembro de 2018 (BOP número 184 do 26 de setembro de 2018), na que se autoriza a prorrogar o prazo de devolución do préstamo provincial do PAI 2015 mediante Resolución da Presidencia

De acordo con estes antecedentes e fundamentos de dereito e en virtude das atribucións que me confire a normativa vixente

RESOLVO:

1.- Aprobar unha nova prórroga do prazo de devolución do "préstamo provincial" do Plan de aforro e investimento (PAI) 2015, previsto nas Bases 2 e 9 das reguladoras do Plan, que nas Bases iniciais estaba establecido a partir do ano 2017, que foi retrasado mediante diferentes acordos plenarios e Resolucións da Presidencia desta corporación provincial, de forma que o prazo de devolución do préstamo provincial do PAI 2015 se retrase novamente para que sexa desde o ano 2027 ata o 2036.

2.- Notificarlle esta Resolución aos concellos afectados para os efectos oportunos.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación perante o mesmo órgano que a ditou ou recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do contencioso-administrativo da Coruña, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE XESTIÓN DE PLANS
SECCIÓN DE PLANS ESPECIAIS

MIGUEL IGLESIAS MARTÍNEZ
Data e hora: 14/08/2023 12:43
Secretario accidental NÚMERO: 2023 / 31860

XOSÉ REGUEIRA VARELA
Data e hora: 14/08/2023 12:34
Presidente en funcións da Deputación Provincial da
Coruña

RESOLUCIÓN POLA QUE SE PRORROGA NOVAMENTE O PRAZO DE DEVOLUCIÓN DO PRÉSTAMO PROVINCIAL DO PLAN DE AFORRO E INVESTIMENTO (PAI) 2016 PARA QUE O PRAZO DE DEVOLUCIÓN SEXA DESDE O ANO 2026 ATA O ANO 2035

Don **XOSÉ REGUEIRA VARELA**, Presidente en funcións da Deputación Provincial da Coruña

Visto o expediente relativo á prórroga do prazo de devolución do préstamo provincial do Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

O Pleno desta deputación, na sesión ordinaria que tivo lugar o 30 de decembro de 2015 aprobou as Bases reguladoras do Plan de aforro e investimento (PAI) 2016, cuxo texto se publicou no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número número 2, do 5 de xaneiro de 2016.

Neste Plan a deputación asígnalle aos concellos unha cantidade en concepto de préstamo provincial 2016 que debían destinar á redución da súa débeda con entidades financeiras e a realización de investimentos e que ao ter natureza de "préstamo", os concellos debían devolver, sen xuros, nun prazo de devolución durante 10 anos a partir do ano 2018 ata o 2027.

Posteriormente, as Bases reguladoras deste Plan foron modificadas dúas veces: a primeira modificación foi aprobada mediante acordo plenario do 28 de outubro de 2016 (BOP número 208 do 3 de novembro de 2016) no sentido de que a devolución de préstamo provincial iniciárase no ano 2020 ata o ano 2029; a segunda modificación foi aprobada mediante acordo plenario do 14 de setembro de 2018 (BOP número 183 do 25 de setembro de 2018) para retrasar novamente a data de devolución do préstamo para pasar a realizarse entre os anos 2022 e 2031 e dispoñer tamén que este prazo poderá ser prorrogado novamente por Resolución da Presidencia desta corporación provincial.

Mediante Resolución da Presidencia número 33488 do 17 de agosto de 2021 dispónse prorrogar novamente o prazo de devolución do préstamo provincial do PAI 2016 para que se inicie no ano 2024 ata o ano 2033 dada a actual situación económica e financeira dos concellos e a pandemia provocada polo coronavirus "COVID-19", coa finalidade de continuar apoiándoos na súa recuperación económica.

Tendo en conta a situación de crise socioeconómica que se ven arrastrando desde a dita pandemia ocasionada pola COVID-19, agudizada pola guerra de Ucraína, que está provocando unha importante alza de prezos que repercuten na prestación dos servizos municipais obrigatorios, fundamentan que esta deputación sega en disposición de atrasar novamente a data na que os concellos inicien a devolución do préstamo provincial, de xeito que o prazo de devolución do préstamo provincial do PAI 2016 se inicie a partir do ano 2026 ata o 2035.

II. FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do PAI 2016, aprobadas polo Pleno desta deputación o 30 de decembro de 2015 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número, 2 do 5 de xaneiro de 2016, modificadas mediante acordos plenarios do 28 de outubro de 2016 (BOP número 208 do 3 de novembro de 2016) e 14 de setembro de 2019 (BOP número 183 do 25 de setembro de 2018).

De acordo con estes antecedentes e fundamentos de dereito e en virtude das atribucións que me confire a normativa vixente

RESOLVO:

1.- Aprobar unha nova prórroga do prazo de devolución do "préstamo provincial" do Plan de aforro e investimento (PAI) 2016, previsto nas Bases 2 e 10 das reguladoras do Plan, que nas Bases iniciais estaba establecido a partir do ano 2018, que fora ampliado mediante diferentes Acordos plenarios e Resolucións de Presidencia desta Deputación, de forma que o prazo de devolución do préstamo provincial do PAI 2016 sexa desde o ano 2026 ata o 2035, dada a situación económica e financeira dos concellos, coa finalidade de continuar apoiándoos na súa recuperación económica.

2.- Notificarlle esta Resolución aos concellos afectados para os efectos oportunos.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación ante o mesmo órgano que a ditou ou recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do contencioso-administrativo da Coruña, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE XESTIÓN DE PLANS

RESOLUCIÓN POLA QUE SE PRORROGA NOVAMENTE O PRAZO DE DEVOLUCIÓN DO PRÉSTAMO PROVINCIAL DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2017, PARA QUE O PRAZO DE DEVOLUCIÓN SEXA DESDE O ANO 2027 ATA O ANO 2036

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

Visto o expediente relativo á prórroga do prazo de devolución do préstamo provincial do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

O Pleno desta deputación, na sesión ordinaria que tivo lugar o 25 de novembro de 2016, aprobou as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017, cuxo texto publicouse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 226 do 29 de novembro de 2016

Neste Plan POS+ 2017, aprobado polo Pleno provincial mediante acordo adoptado na sesión extraordinaria do 8 de xuño de 2017, en relación coa Resolución da Presidencia número 2017/22137, do 7 de xullo de 2017, esta deputación asígnalle aos concellos, por unha banda, unha achega provincial definitiva, e por outra, unha cantidade en concepto de préstamo provincial 2017 que debían destinar á redución da súa débeda con entidades financeiras e a realización de investimentos, e que ao ter natureza de "préstamo" os concellos debían devolver, sen xuros, nun prazo de devolución durante 10 anos a partir do ano 2019 ata o ano 2028

Posteriormente, mediante diferentes Resolucións da Presidencia desta deputación, dispúxose prorrogar o prazo de devolución do préstamo provincial do POS+ 2017 para se iniciase a partir do ano 2025 ata o 2034

Tendo en conta a situación económica dos concellos, así como que esta deputación segue en disposición de atrasar novamente a data na que os concellos inicien a devolución do préstamo provincial, de xeito que o prazo de devolución do préstamo provincial do POS+2017 se inicie a partir do ano 2027 ata o 2036

II. FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2017, aprobadas polo Pleno desta deputación o 25 de novembro de 2016 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 226 do 29 de novembro de 2016.

Tendo en conta que nas Bases 1, 4.1 e 10 das reguladoras do Plan establécese que o préstamo ten un prazo de devolución durante 10 anos a partir do ano 2019, nos meses de xuño e novembro, e que este prazo é prorrogable mediante Resolución da Presidencia

De acordo con estes antecedentes e fundamentos de dereito e en virtude das atribucións que me confire a normativa vixente

RESOLVO:

1.- Aprobar unha nova prórroga do prazo de devolución do "préstamo provincial" do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017, previsto nas Bases 1, 4.1 e 10 das reguladoras do Plan, de maneira que o prazo de devolución durante 10 anos previsto a partir do ano 2019 ata o ano 2028, que fora prorrogado xa mediante diferentes Resolucións da Presidencia desta deputación se retrase novamente, de xeito que o prazo de devolución sexa desde o ano 2027 ata o 2036.

2.- Notificarlle esta Resolución aos concellos afectados para os efectos oportunos.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación perante o mesmo órgano que a ditou ou recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do contencioso-administrativo da Coruña, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE XESTIÓN DE PLANS

RESOLUCIÓN POLA QUE SE PRORROGA NOVAMENTE O PRAZO DE DEVOLUCIÓN DO PRÉSTAMO PROVINCIAL FINANCIADO CON CARGO AO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2018, PARA QUE O PRAZO DE DEVOLUCIÓN SEXA DESDE O ANO 2026 ATA O ANO 2035

Don **XOSÉ REGUEIRA VARELA**, Presidente en funcións da Deputación Provincial a Coruña

Visto o expediente relativo á prórroga do prazo de devolución do préstamo provincial do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

O Pleno desta deputación, na sesión ordinaria que tivo lugar o 29 de setembro de 2017, aprobou as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018, cuxo texto publicouse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 188 do 3 de outubro de 2017.

Neste Plan a Deputación asigna aos concellos, por unha banda, unha achega provincial definitiva, e por outra, unha cantidade en concepto de préstamo provincial 2018 que debían destinar á redución da súa débeda con entidades financeiras e a realización de investimentos, e que ao ter natureza de "préstamo" os concellos debían devolver, sen xuros, nun prazo durante 10 anos a partir do ano 2020 ata o ano 2029.

Posteriormente, e tendo en conta a situación económica dos concellos, así como que esta deputación estaba en disposición de retrasar a data na que os concellos iniciasen a devolución do préstamo provincial, aprobouse, mediante a Resolución da Presidencia número 26278 do 1 de agosto de 2019, prorrogar o prazo de devolución do préstamo provincial coa finalidade de que se iniciase a devolución a partir do ano 2022 ata o 2031 e mediante Resolución da Presidencia número 33487 do 17 de agosto de 2021 prorrogar o prazo para que se iniciase a devolución a partir do ano 2024 ata o 2033

II. FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2018, aprobadas polo Pleno desta deputación o 29 de setembro de 2017 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 188 do 3 de outubro de 2017.

Tendo en conta que nas Bases 1, 4.1 e 10 das reguladoras do Plan establécese que o préstamo ten un prazo de devolución de 10 anos a partir do ano 2020, e que este prazo foi ampliado mediante diferentes Resolucións de Presidencia desta Deputación.

Tendo en conta a situación de crise socioeconómica que se ven arrastrando desde a dita pandemia ocasionada pola COVID-19, agudizada pola guerra de Ucraína, que está provocando unha importante alza de prezos que repercuten na prestación dos servizos municipais obrigatorios, fundamentan que esta deputación sega en disposición de atrasar novamente a data na que os concellos inicien a devolución do préstamo provincial, de xeito que o prazo de devolución do préstamo provincial do POS+ 2018 se inicie a partir do ano 2026 ata o 2035.

De acordo con estes antecedentes e fundamentos de dereito e en virtude das atribucións que me confire a normativa vixente

RESOLVO:

1.- Aprobar una nova prórroga do prazo de devolución do "préstamo provincial" do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018, previsto nas Bases 1, 4.1 e 10 das reguladoras do Plan, que fora ampliado mediante diferentes Resolucións de Presidencia desta Deputación, de forma que o prazo de devolución do préstamo provincial do POS+2018 sexa desde o ano 2026 ata o 2035, dada a situación económica e financeira dos concellos, coa finalidade de continuar apoiándoos na súa recuperación económica.

2.- Notificarlle esta Resolución aos concellos afectados para os efectos oportunos.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación perante o mesmo órgano que a ditou ou recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do contencioso-administrativo da Coruña, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE XESTIÓN DE PLANS

RESOLUCIÓN POLA QUE SE PRORROGA NOVAMENTE O PRAZO DE DEVOLUCIÓN DO PRÉSTAMO PROVINCIAL DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2019, PARA QUE O PRAZO DE DEVOLUCIÓN SEXA DESDE O ANO 2027 ATA O ANO 2036

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña

Visto o expediente relativo á prórroga do prazo de devolución do préstamo provincial do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

O Pleno desta deputación, na sesión ordinaria que tivo lugar o 28 de setembro de 2018, aprobou as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019, cuxo texto publicouse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 188 do 2 de outubro de 2018.

Neste Plan POS+ 2019, aprobado polo Pleno provincial na sesión ordinaria do 26 de abril de 2019, esta deputación asígnalle aos concellos, por unha banda, unha achega provincial definitiva, e por outra, unha cantidade en concepto de préstamo provincial 2019 que debían destinar á redución da súa débeda con entidades financeiras e a realización de investimentos, e que ao ter natureza de "préstamo" os concellos debían devolver, sen xuros, nun prazo de devolución durante 10 anos a partir do ano 2021 ata o ano 2030

Posteriormente, mediante diferentes Resolucións da Presidencia desta deputación, dispúxose prorrogar o prazo de devolución do préstamo provincial do POS+ 2019 para se iniciase a partir do ano 2025 ata o 2034

Tendo en conta a situación económica dos concellos, así como que esta deputación segue en disposición de atrasar novamente a data na que os concellos inicien a devolución do préstamo provincial, de xeito que o prazo de devolución do préstamo provincial do POS+2019 se inicie a partir do ano 2027 ata o 2036

II. FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2019, aprobadas polo Pleno desta deputación o 28 de setembro de 2018 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 188 do 2 de outubro de 2018.

Tendo en conta que nas Bases 1, 4.1 e 10 das reguladoras do Plan establécese que o préstamo ten un prazo de devolución durante 10 anos a partir do ano 2021, nos meses de xuño e novembro, e que este prazo é prorrogable mediante Resolución da Presidencia

De acordo con estes antecedentes e fundamentos de dereito e en virtude das atribucións que me confire a normativa vixente

RESOLVO:

1.- Aprobar unha nova prórroga do prazo de devolución do "préstamo provincial" do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2019, previsto nas Bases 1, 4.1 e 10 das reguladoras do Plan, de maneira que o prazo de devolución durante 10 anos previsto a partir do ano 2021 ata o ano 2030, que fora prorrogado mediante Resolucións da Presidencia desta deputación para retrásalo se prorrogue novamente para que o prazo de devolución sexa dende o ano 2027 ata o 2036.

2.- Notificarlle esta Resolución aos concellos afectados para os efectos oportunos.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación perante o mesmo órgano que a ditou ou recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do contencioso-administrativo da Coruña, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE XESTIÓN DE PLANS

MIGUEL IGLESIAS MARTÍNEZ
Data e hora: 14/08/2023 12:43
Secretario accidental NÚMERO: 2023 / 31862

XOSÉ REGUEIRA VARELA
Data e hora: 14/08/2023 12:34
Presidente en funcións da Deputación Provincial da
Coruña

RESOLUCIÓN POLA QUE SE PRORROGA O PRAZO DE DEVOLUCIÓN DO PRÉSTAMO PROVINCIAL FINANCIADO CON CARGO AO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2020, PARA QUE O PRAZO DE DEVOLUCIÓN SEXA DESDE O ANO 2026 ATA O ANO 2035

Don **XOSÉ REGUEIRA VARELA**, Presidente en funcións da Deputación Provincial a Coruña

Visto o expediente relativo á prórroga do prazo de devolución do préstamo provincial do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

O Pleno desta deputación, na sesión ordinaria que tivo lugar o 25 de outubro de 2019, aprobou as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020, cuxo texto publicouse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 208 do 31 de outubro de 2019. Estas Bases foron modificadas mediante novo acordo plenario do 30 de abril de 2020 (BOP número 66 do 5 de maio de 2020) para a regulación do POS+Adicional 1/2020, para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19 e do POS+Adicional 2/2020, para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles.

Neste Plan esta deputación asígnalle aos concellos, por unha banda, unha achega provincial definitiva, e por outra, unha cantidade en concepto de préstamo provincial 2020 que debían destinar á redución da súa débeda con entidades financeiras e a realización de investimentos e que ao ter natureza de "préstamo", os concellos debían devolver, sen xuros, nun prazo durante 10 anos a partir do ano 2022 ata o ano 2031.

Mediante Resolución da Presidencia número 33486 do 17 de agosto de 2021 dispónse prorrogar o prazo de devolución do préstamo provincial do POS+2020 para que se inicie no ano 2024 ata o ano 2033 dada a actual situación económica e financeira dos concellos e a pandemia provocada polo coronavirus "COVID-19", coa finalidade de continuar apoiándoos na súa recuperación económica.

Tendo en conta a situación de crise socioeconómica que se ven arrastrando desde a dita pandemia ocasionada pola COVID-19, agudizada pola guerra de Ucraína, que está provocando unha importante alza de prezos que repercuten na prestación dos servizos municipais obrigatorios, fundamentan que esta deputación sega en disposición de atrasar novamente a data na que os concellos inicien a devolución do préstamo provincial, de xeito que o prazo de devolución do préstamo provincial do POS+2020 se inicie a partir do ano 2026 ata o 2035.

II. FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+ 2020, aprobadas polo Pleno desta deputación o 25 de outubro de 2019 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 208 do 31 de outubro de 2019 e modificadas mediante novo acordo plenario do 30 de abril de 2020 (BOP número 66 do 5 de maio de 2020) para a regulación do POS+Adicional 1/2020, para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19, e do POS+Adicional 2/2020, para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles.

Tendo en conta que nas Bases 1, 4.1 e 10 das reguladoras do Plan establécese que o préstamo ten un prazo de devolución durante 10 anos a partir do ano 2022, e que este prazo é prorrogable mediante Resolución da Presidencia.

Tendo en conta a situación de crise socioeconómica que se ven arrastrando desde a dita pandemia ocasionada pola COVID-19, agudizada pola guerra de Ucraína, que está provocando unha importante alza de prezos que repercuten na prestación dos servizos municipais obrigatorios, fundamentan que esta deputación sega en disposición de atrasar novamente a data na que os concellos inicien a devolución do préstamo provincial, de xeito que o prazo de devolución do préstamo provincial do POS+ 2020 se inicie a partir do ano 2026 ata o 2035

De acordo con estes antecedentes e fundamentos de dereito e en virtude das atribucións que meconfire a normativa vixente

RESOLVO:

1.- Aprobar a prórroga do prazo de devolución do "préstamo provincial" do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020, previsto nas Bases 1, 4.1 e 10 das reguladoras do Plan, que fora ampliado mediante diferentes Resolucións de Presidencia desta Deputación, de forma que o prazo de devolución do préstamo provincial do POS+2020 sexa desde o ano 2026 ata o 2035, dada a situación económica e financeira dos concellos, coa finalidade de continuar apoiándoos na súa recuperación económica.

2.- Notificarlle esta Resolución aos concellos afectados para os efectos oportunos.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor recurso potestativo de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación perante o mesmo órgano que a ditou ou recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses perante o Xulgado do contencioso-administrativo da Coruña, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE LOUSAME PARA O ACCESO AO FONDO DE COOPERACIÓN PARA O APOIO AO FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO CONSTRUÍDO EN CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES.

REUNIDOS

Dunha parte, o Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante, IGVS), con NIF Q6550004C e domicilio en Área Central, s/n, Polígono das Fontiñas, Santiago de Compostela (A Coruña), representado por Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, nomeada polo Decreto 60/2022, do 15 de maio (DOG núm. 94, do 16 de maio), en virtude das atribucións que lle confire a súa calidade de presidenta do IGVS, segundo o artigo 4 do Decreto 97/2014, do 24 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do IGVS (DOG núm. 147, do 5 de agosto).

Doutra parte, o Concello de Lousame, con NIF P1504300C e domicilio na Rúa Praza Teodomiro Hidalgo, 1, Lousame, representado por María Teresa Villaverde Pais, na súa condición de alcaldesa, en virtude das atribucións conferidas polos artigos 21.1, 21.1 b) e 21.1 k, da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

As partes recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio de colaboración e, para tal efecto,

MANIFESTAN

I.- O IGVS é o organismo autónomo adscrito á Consellería de Medio Ambiente,



Territorio e Vivenda encargado de realizar a política de vivenda e solo da Xunta de Galicia, co fin de garantir os dereitos constitucionais a una vivenda digna e adecuada, segundo dispón o artigo 3 da Lei 3/1988, do 27 de abril de creación do IGVS, e pode, para o cumprimento destes fins, establecer convenios con entes públicos ou privados.

II.- O artigo 80.2.d) e e) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, establece que o municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, nas materias de "ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística; a promoción e xestión de vivendas; os parques e xardíns; a pavimentación de vías públicas urbanas e a conservación de camiños e vías rurais"; "o patrimonio histórico - artístico".

III.- As partes asinantes son conscientes que son moitas as edificacións existentes na Comunidade Autónoma de Galicia que se atopan en estado de abandono e desocupación e nas cales as persoas propietarias desatenden o seu deber de conservación e que, asemade, as administracións locais e, de xeito especial os concellos máis pequenos, non teñen capacidade para asumir a execución subsidiaria, no caso de incumprimento dos/das propietarios/as, polo que dificilmente poden rematar os expedientes iniciados co obxecto de esixir o cumprimento da citada obriga.

Por outra parte, desde o IGVS considérase conveniente facilitar a participación dos concellos nas intervencións públicas en materia de rehabilitación e rexeneración urbanas, de tal xeito que poidan acometer actuacións de recuperación e posta en valor do patrimonio construído, co obxecto de recuperar ámbitos en estado deficiente de conservación, como medida de protección do patrimonio cultural e arquitectónico, do ambiente, da paisaxe e do territorio, en prol de mellorar a calidade de vida dos cidadáns, facilitando que poidan dispor dunha vivenda digna e



axeitada.

IV.- O 23 de setembro de 2016 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a resolución da presidenta do IGVS do 20 de setembro de 2016, pola que se crea o Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes.

A Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia (*Diario Oficial de Galicia* núm. 83, do 2 de maio) regula, nos seus artigos 82 e 83, o citado fondo dentro das medidas de fomento da rehabilitación edificatoria e da rexeneración e a renovación urbanas.

V.- O procedemento de acceso ao Fondo de cooperación foi convocado, para a anualidade de 2022, mediante a Resolución da Presidencia do IGVS do 17 de xuño de 2022 e, en virtude de Resolución da Dirección Xeral do IGVS do 21 de novembro de 2022, aprobouse a solicitude formulada polo concello asinante deste convenio para o acceso ao Fondo de cooperación, a cal deberá materializarse mediante a sinatura do presente convenio de financiamento.

Polas razóns anteriores, as partes comparecentes acordan formalizar o presente convenio de colaboración, que levan a efecto en virtude das seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto*

O presente convenio ten por obxecto definir os termos da colaboración e os compromisos mutuos das partes asinantes, de cara ao financiamento con cargo ao



Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes (no sucesivo, Fondo de cooperación) da seguinte actuación:

Obxecto: PAVIMENTACIÓN NÚCLEO DE CAMBOÑO

Orzamento total: 173.697,73 €.

Importe do financiamento: 63.052,27 €.

Prazo de reposición: 8 ANOS

Segunda. Obrigas das partes

O IGVS comprométese a:

a) Financiar a actuación descrita na cláusula primeira, mediante a disposición da cantidade de 63.052,27 €. a favor do concello asinante deste convenio.

b) Transferir o referido importe ao concello, nos termos establecidos na cláusula terceira deste convenio.

Pola súa banda, o concello asinante deste convenio asume os seguintes compromisos:

a) Destinar as cantidades aboadas con cargo ao Fondo de cooperación á execución da actuación obxecto de financiamento.

b) A repoñer, no número de conta ES97 2080 0388 28 3110002902, con indicación



do seu concepto, a cantidade percibida con cargo ao Fondo de cooperación no prazo de 8 ANOS, contados desde o día seguinte ao da data de formalización do presente convenio, mediante o ingreso dos seguintes importes.

-Anualidade: 2023	-Importe: 7.881,53 €
-Anualidade: 2024	-Importe: 7.881,53 €
-Anualidade: 2025	-Importe: 7.881,53 €
-Anualidade: 2026	-Importe: 7.881,53 €
-Anualidade: 2027	-Importe: 7.881,53 €
-Anualidade: 2028	-Importe: 7.881,53 €
-Anualidade: 2029	-Importe: 7.881,53 €
-Anualidade: 2030	-Importe: 7.881,56 €

As anteriores cantidades poderanse modificar no suposto de que o concello amortice o importe pendente da disposición, en virtude do establecido na cláusula cuarta deste convenio.

A reposición das cantidades correspondentes a cada anualidade deberá realizarse antes do 30 de setembro de cada ano.

c) A xustificar as actuacións obxecto de financiamento, nos termos previstos na cláusula quinta.

d) A incluír nos orzamentos dos seus exercicios seguintes -2023 ata 2030-, con cargo aos ingresos correntes, as anualidades previstas neste convenio para a reposición de fondos.



Por outra parte, desde o IGVS considérase conveniente facilitar a participación dos concellos nas intervencións públicas en materia de rehabilitación e rexeneración urbanas, de tal xeito que poidan acometer actuacións de recuperación e posta en valor do patrimonio construído, co obxecto de recuperar ámbitos en estado deficiente de conservación, como medida de protección do patrimonio cultural e arquitectónico, do ambiente, da paisaxe e do territorio, en prol de mellorar a calidade de vida dos cidadáns, facilitando que poidan dispor dunha vivenda digna e



axeitada.

IV.- O 23 de setembro de 2016 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a resolución da presidenta do IGVS do 20 de setembro de 2016, pola que se crea o Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes.

A Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia (*Diario Oficial de Galicia* núm. 83, do 2 de maio) regula, nos seus artigos 82 e 83, o citado fondo dentro das medidas de fomento da rehabilitación edificatoria e da rexeneración e a renovación urbanas.

V.- O procedemento de acceso ao Fondo de cooperación foi convocado, para a anualidade de 2022, mediante a Resolución da Presidencia do IGVS do 17 de xuño de 2022 e, en virtude de Resolución da Dirección Xeral do IGVS do 21 de novembro de 2022, aprobouse a solicitude formulada polo concello asinante deste convenio para o acceso ao Fondo de cooperación, a cal deberá materializarse mediante a sinatura do presente convenio de financiamento.

Polas razóns anteriores, as partes comparecentes acordan formalizar o presente convenio de colaboración, que levan a efecto en virtude das seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. *Obxecto*

O presente convenio ten por obxecto definir os termos da colaboración e os compromisos mutuos das partes asinantes, de cara ao financiamento con cargo ao



Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes (no sucesivo, Fondo de cooperación) da seguinte actuación:

Obxecto: REDUCCIÓN DE CONTAMINACIÓN LUMÍNICA E MELLORA DA EFICIENCIA NOS ALUMEADOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE LOUSAME

Orzamento total: 37.516,05 €.

Importe do financiamento: 37.516,05 €.

Prazo de reposición: 8 ANOS

Segunda. Obrigas das partes

O IGVS comprométese a:

- a) Financiar a actuación descrita na cláusula primeira, mediante a disposición da cantidade de 37.516,05 €. a favor do concello asinante deste convenio.
- b) Transferir o referido importe ao concello, nos termos establecidos na cláusula terceira deste convenio.

Pola súa banda, o concello asinante deste convenio asume os seguintes compromisos:

- a) Destinar as cantidades aboadas con cargo ao Fondo de cooperación á execución da actuación obxecto de financiamento.



b) A repoñer, no número de conta ES97 2080 0388 28 3110002902, con indicación do seu concepto, a cantidade percibida con cargo ao Fondo de cooperación no prazo de 8 ANOS, contados desde o día seguinte ao da data de formalización do presente convenio, mediante o ingreso dos seguintes importes.

-Anualidade: 2023	-Importe: 4.689,51 €
-Anualidade: 2024	-Importe: 4.689,51 €
-Anualidade: 2025	-Importe: 4.689,51 €
-Anualidade: 2026	-Importe: 4.689,51 €
-Anualidade: 2027	-Importe: 4.689,51 €
-Anualidade: 2028	-Importe: 4.689,51 €
-Anualidade: 2029	-Importe: 4.689,51 €
-Anualidade: 2030	-Importe: 4.689,48 €

As anteriores cantidades poderanse modificar no suposto de que o concello amortice o importe pendente da disposición, en virtude do establecido na cláusula cuarta deste convenio.

A reposición das cantidades correspondentes a cada anualidade deberá realizarse antes do 30 de setembro de cada ano.

c) A xustificar as actuacións obxecto de financiamento, nos termos previstos na cláusula quinta.

d) A incluír nos orzamentos dos seus exercicios seguintes -2023 ata 2030-, con cargo aos ingresos correntes, as anualidades previstas neste convenio para a reposición de fondos.



e) A permitir a compensación e retención das achegas vencidas e non pagadas con cargo ao Fondo de Cooperación Local, para o suposto de que o concello non repuxese as cantidades acordadas dentro dos prazos fixados na resolución ou incumprise calquera outra das obrigas previstas no convenio de financiamento.

f) A ingresar no citado número de conta a totalidade da cantidade percibida, así como os xuros legais correspondentes á disposición realizada, no suposto de resolución anticipada do convenio por incumprimento das súas obrigas.

g) A non compensar as amortizacións pendentes coas contías que, por calquera outro concepto, puidese deberlles a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou entidades públicas instrumentais pertencentes ao sector público autonómico.

Terceira. Disposición do importe con cargo ao Fondo de cooperación

A disposición de cantidades con cargo ao Fondo de cooperación efectuarase mediante transferencia bancaria ao número de conta ES90 2080 0381 0831 1000 0090.

Cuarta. Amortización

O concello poderá, en calquera momento, amortizar, total ou parcialmente, o importe pendente da disposición.

As amortizacións non poderán ser por unha contía inferior a cincuenta mil euros (50.000 €), agás que o concello queira reintegrar anticipadamente a totalidade do importe da disposición e esta fose inferior á dita cantidade.



No suposto de amortizacións parciais, deberá comunicarllo previamente ao IGVS mediante o anexo III da resolución de convocatoria de acceso ao Fondo de cooperación, cunha antelación mínima de quince (15) días naturais e máxima de sesenta (60) días, tamén naturais, á data na que se queira facer efectiva a amortización anticipada.

O importe amortizado aplicárase proporcionalmente ás anualidades seguintes a aquela en que se realice a amortización.

O IGVS comunicará ao concello as cantidades a aboar en cada anualidade como consecuencia da amortización.

Quinta. Xustificación das actuacións obxecto de financiamento

O cumprimento por parte do concello das finalidades obxecto do financiamento deberá acreditarse ante a Dirección Xeral do IGVS mediante a presentación por vía electrónica dun certificado do órgano competente do concello acreditativo da finalización das actuacións, da adquisición do inmovible obxecto de financiamento ou, de ser o caso, da elaboración do plan especial de protección polo equipo encargado da súa redacción. O prazo para presentar estes documentos será de dous meses, contados desde o día seguinte ao da data de finalización do período de execución da actuación, da adquisición do inmovible ou da entrega do plan especial de protección ao concello.

Así mesmo, o concello deberá remitir electronicamente á Dirección Xeral do IGVS, con periodicidade semestral, ata o completo remate da actuación, un informe sobre o estado de execución das obras, a adquisición do inmovible, acompañados de fotografías, ou, de ser o caso, o estado de tramitación da elaboración do plan



especial de protección, sen prexuízo de que o IGVS poida realizar as comprobacións que estime oportunas.

Sexta. Obrigas e compromisos económicos

O IGVS alcanzará un importe de 37.516,05 €, que será satisfeito con cargo á aplicación orzamentaria dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2022:

Órgano administrativo/entidade	Aplicación orzamentaria	Importe
Instituto Galego da Vivenda e Solo	08.81.451A.821.60	37.516,05

Sétima. Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión de seguimento, integrada por dous representantes de cada unha das partes.

As funcións da Comisión de Seguimento serán as seguintes:

- Efectuar un seguimento do grao de cumprimento dos compromisos asumidos polas partes asinantes deste convenio.
- Resolver as controversias que poidan xurdir na interpretación e no cumprimento do convenio.

A Comisión de Seguimento reunirse, a petición de calquera das partes, tantas veces se consideren oportunas para o desenvolvemento das súas tarefas.



Oitava. *Prazo de execución*

O prazo de execución deste convenio comezará o día da súa sinatura e rematará na data en que se produza a efectiva reposición das cantidades percibidas con cargo ao Fondo de cooperación.

Novena. *Causas de resolución*

Serán causas de resolución do convenio as seguintes:

- a) O mutuo acordo das partes que o subscriben, manifestado por escrito.
- b) O incumprimento de calquera das súas cláusulas.
- c) A imposibilidade legal ou material de continuar co obxecto do convenio.

Décima. *Datos persoais*

De conformidade co establecido nos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e no artigo 29 da Lei autonómica 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as partes asinantes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no presente convenio e demais especificacións contidas nel poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

As partes comprométense a tratar os datos persoais que fosen postos no seu coñecemento unicamente coa finalidade e co alcance de executar o establecido no presente convenio, respectando os requisitos establecidos na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais,





e na súa normativa de desenvolvemento.

Décimo primeira. *Réxime xurídico*

O presente convenio ten carácter administrativo e réxese para os seus efectos polas súas cláusulas, non lle será de aplicación a lexislación de contratos do sector público, conforme ao disposto no no artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, sen prexuízo da aplicación supletoria dos principios da lei para resolver as dúbidas ou lagoas que se puidesen presentar.

Dada a natureza xurídico pública do presente documento, as controversias que puidesen xurdir na aplicación do convenio, non solucionadas pola Comisión de Seguimento, serán resoltas pola xurisdición contencioso - administrativa.

E en proba de conformidade, asinan electronicamente este convenio na data indicada.

Polo Instituto Galego da Vivenda e Solo

Polo Concello de Lousame

Ángeles Vázquez Mejuto

María Teresa Villaverde Pais

Concello de Lousame

JUSTIFICANTE DE PRESENTACIÓN/XUSTIFICANTE DE PRESENTACIÓN

Número de registro de entrada/Número de rexistro de entrada: 202300000002291

Fecha y hora/Data e hora: 15 de diciembre de 2023 14:57

Órgano origen/Órgano orixe:

Interesado/Interesado

NIF/NIE/CIF:	INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO	Código postal/ Código postal:
		País/País:
		Teléfono/ Teléfono:
Dirección/ Enderezo:		Municipio/ Concello:
		Provincia/ Provincia:
Correo electrónico/Enderezo electrónico:		

Información del registro/Información do rexistro

Asunto/ Asunto:	CONVENIO
Resumen/ Resumo:	CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE LOUSAME PARA O ACCESO AO FONDO DE COOPERACION PARA O APOIO AO FINANCIAMENTO DE ACTUACION VESTIARIOS EN CAMPO DE FUTBOL MUNICIPAL

Documentos anexos/Documents anexos

Nombre/Nome
RE 2023-2291.pdf

Se extiende el presente recibo a efectos de acreditación de presentación de documentos./ Exténdese o presente recibo a efectos de acreditación de presentación de documentos.



INSTITUTO
GALEGO DA
VIVENDA E SOLO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE LOUSAME PARA O ACCESO AO FONDO DE COOPERACIÓN PARA O APOIO AO FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO CONSTRÚIDO EN CONCELLOS DE MENOS DE 50.000 HABITANTES.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

REUNIDOS

Dunha parte, o Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante, IGVS), con NIF Q6550004C e domicilio en Área Central, s/n, Polígono das Fontiñas, Santiago de Compostela (A Coruña), representado por Ángeles Vázquez Mejuto, vicepresidenta segunda e conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en virtude das atribucións que lle confire o Decreto 66/2023, do 14 de xuño, do seu nomeamento (DOG nº113, do 15 de xuño), na súa calidade de presidenta do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante, IGVS), segundo o artigo 4 do Decreto 97/2014, de 2 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica do IGVS (DOG nº 147, do 5 de agosto).

Doutra parte, o Concello de Lousame, con NIF P1504300C e domicilio na Praza Teodomiro Hidalgo, 1, 15214 - Lousame, representado por María Teresa Villaverde Pais, na súa condición de alcaldesa, en virtude das atribucións conferidas polos artigos 21.1, 21.1 b) e 21.1 k, da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

As partes recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio de colaboración e, para tal efecto,

MANIFESTAN

I.- O IGVS é o organismo autónomo adscrito á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda encargado de realizar a política de vivenda e solo da Xunta de Galicia, co fin de garantir os dereitos constitucionais a una vivenda digna e adecuada, segundo dispón o artigo 3 da Lei 3/1988, do 27 de abril de creación do IGVS, e pode, para o cumprimento destes fins, establecer convenios con entes públicos ou privados.

II.- O artigo 80.2.d) e e) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, establece que o municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos



da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, nas materias de "ordenación, xestión, execución e disciplina urbanística; a promoción e xestión de vivendas; os parques e xardíns; a pavimentación de vías públicas urbanas e a conservación de camiños e vías rurais"; "o patrimonio histórico - artístico".

III.- As partes asinantes son conscientes que son moitas as edificacións existentes na Comunidade Autónoma de Galicia que se atopan en estado de abandono e desocupación e nas cales as persoas propietarias desatenden o seu deber de conservación e que, asemade, as administracións locais e, de xeito especial os concellos máis pequenos, non teñen capacidade para asumir a execución subsidiaria, no caso de incumprimento dos/das propietarios/as, polo que dificilmente poden rematar os expedientes iniciados co obxecto de esixir o cumprimento da citada obriga.

Por outra parte, desde o IGVS considérase conveniente facilitar a participación dos concellos nas intervencións públicas en materia de rehabilitación e rexeneración urbanas, de tal xeito que poidan acometer actuacións de recuperación e posta en valor do patrimonio construído, co obxecto de recuperar ámbitos en estado deficiente de conservación, como medida de protección do patrimonio cultural e arquitectónico, do ambiente, da paisaxe e do territorio, en prol de mellorar a calidade de vida dos cidadáns, facilitando que poidan dispor dunha vivenda digna e axeitada.

IV.- O 23 de setembro de 2016 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a resolución da presidenta do IGVS do 20 de setembro de 2016, pola que se crea o Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes.

A Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia (*Diario Oficial de Galicia* núm. 83, do 2 de maio) regula, nos seus artigos 82 e 83, o citado fondo dentro das medidas de fomento da rehabilitación edificatoria e da rexeneración e a renovación urbanas.

V.- O procedemento de acceso ao Fondo de cooperación foi convocado, para a anualidade de 2023, mediante a Resolución da Presidencia do IGVS do 2 de agosto de 2023 e, en virtude de Resolución da Dirección Xeral do IGVS do 13 de decembro de 2023, aprobouse a solicitude formulada polo concello asinante deste convenio para o acceso ao Fondo de cooperación, a cal deberá materializarse mediante a sinatura do presente convenio de financiamento.

Polas razóns anteriores, as partes comparecentes acordan formalizar o presente convenio de colaboración, que levan a efecto en virtude das seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto definir os termos da colaboración e os compromisos mutuos das partes asinantes, de cara ao financiamento con cargo ao Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes (no sucesivo, Fondo de cooperación) da seguinte actuación:

Obxecto: VESTIARIOS EN CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL

Orzamento total: 181.809,02 €.

Importe do financiamento: 43.997,78 €.

Prazo de reposición: 8 ANOS

Segunda. Obrigas das partes

O IGVS comprométese a:

a) Financiar a actuación descrita na cláusula primeira, mediante a disposición da cantidade de 43.997,78 €. a favor do concello asinante deste convenio.

b) Transferir o referido importe ao concello, nos termos establecidos na cláusula terceira deste convenio.

Pola súa banda, o concello asinante deste convenio asume os seguintes compromisos:

a) Destinar as cantidades aboadas con cargo ao Fondo de cooperación á execución da actuación obxecto de financiamento.

b) A repoñer, no número de conta ES97 2080 0388 28 3110002902, con indicación do seu concepto, a cantidade percibida con cargo ao Fondo de cooperación no prazo de 8 anos, contados desde o día seguinte ao da data de formalización do presente convenio, mediante o ingreso dos seguintes importes.

-Anualidade: 2024	-Importe: 5.499,72€
-Anualidade: 2025	-Importe: 5.499,72€
-Anualidade: 2026	-Importe: 5.499,72€
-Anualidade: 2027	-Importe: 5.499,72€
-Anualidade: 2028	-Importe: 5.499,72€
-Anualidade: 2029	-Importe: 5.499,72€





-Anualidade: 2030 -Importe: 5.499,72€

-Anualidade: 2031 -Importe: 5.499,74€

As anteriores cantidades poderanse modificar no suposto de que o concello amortice o importe pendente da disposición, en virtude do establecido na cláusula cuarta deste convenio.

A reposición das cantidades correspondentes a cada anualidade deberá realizarse antes do 30 de setembro de cada ano.

c) A xustificar as actuacións obxecto de financiamento, nos termos previstos na cláusula quinta.

d) A incluír nos orzamentos dos seus exercicios seguintes -2024 ata 2031-, con cargo aos ingresos correntes, as anualidades previstas neste convenio para a reposición de fondos.

e) A permitir a compensación e retención das achegas vencidas e non pagadas con cargo ao Fondo de Cooperación Local, para o suposto de que o concello non repuxese as cantidades acordadas dentro dos prazos fixados na resolución ou incumprise calquera outra das obrigas previstas no convenio de financiamento.

f) A ingresar no citado número de conta a totalidade da cantidade percibida, así como os xuros legais correspondentes á disposición realizada, no suposto de resolución anticipada do convenio por incumprimento das súas obrigas.

g) A non compensar as amortizacións pendentes coas contías que, por calquera outro concepto, puidese deberlles a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou entidades públicas instrumentais pertencentes ao sector público autonómico.

Terceira. Disposición do importe con cargo ao Fondo de cooperación

A disposición de cantidades con cargo ao Fondo de cooperación efectuarase mediante transferencia bancaria ao número de conta ES90 2080 0381 0831 1000 0090

Cuarta. Amortización

O concello poderá, en calquera momento, amortizar, total ou parcialmente, o importe pendente da disposición.

As amortizacións non poderán ser por unha contía inferior a cincuenta mil euros (50.000 €), agás que o concello queira reintegrar anticipadamente a totalidade do importe da disposición e esta fose inferior á dita cantidade.

No suposto de amortizacións parciais, deberá comunicarllo previamente ao IGVS mediante o anexo III da resolución de convocatoria de acceso ao Fondo de cooperación, cunha antelación mínima de quince (15) días naturais e máxima de sesenta (60) días, tamén naturais, á data na que se queira facer efectiva a amortización anticipada.

O importe amortizado aplicarase proporcionalmente ás anualidades seguintes a aquela en que se realice a amortización.

O IGVS comunicará ao concello as cantidades a aboar en cada anualidade como consecuencia da amortización.

Quinta. *Xustificación das actuacións obxecto de financiamento*

O cumprimento por parte do concello das finalidades obxecto do financiamento deberá acreditarse ante a Dirección Xeral do IGVS mediante a presentación por vía electrónica dun certificado do órgano competente do concello acreditativo da finalización das actuacións, da adquisición do inmovible obxecto de financiamento ou, de ser o caso, da elaboración do plan especial de protección polo equipo encargado da súa redacción. O prazo para presentar estes documentos será de dous meses, contados desde o día seguinte ao da data de finalización do período de execución da actuación, da adquisición do inmovible ou da entrega do plan especial de protección ao concello.

Así mesmo, o concello deberá remitir electronicamente á Dirección Xeral do IGVS, con periodicidade semestral, ata o completo remate da actuación, un informe sobre o estado de execución das obras, a adquisición do inmovible, acompañados de fotografías, ou, de ser o caso, o estado de tramitación da elaboración do plan especial de protección, sen prexuízo de que o IGVS poida realizar as comprobacións que estime oportunas.

Sexta. *Obrigas e compromisos económicos*

O IGVS achegará un importe de 43.997,78€, que será satisfeito con cargo á aplicación orzamentaria dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2023:

Órgano administrativo/entidade	Aplicación orzamentaria	Importe
Instituto Galego da Vivenda e Solo	08.81.451A.821.60	43.997,78€

Sétima. *Comisión de seguimento*

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste convenio, crearase unha comisión de seguimento, integrada por dous representantes de cada unha das partes.





As funcións da Comisión de Seguimento serán as seguintes:

- a) Efectuar un seguimento do grao de cumprimento dos compromisos asumidos polas partes asinantes deste convenio.
- b) Resolver as controversias que poidan xurdir na interpretación e no cumprimento do convenio.

A Comisión de Seguimento reunirase, a petición de calquera das partes, tantas veces se consideren oportunas para o desenvolvemento das súas tarefas.

Oitava. *Prazo de execución*

O prazo de execución deste convenio comezará o día da súa sinatura e rematará na data en que se produza a efectiva reposición das cantidades percibidas con cargo ao Fondo de cooperación.

Novena. *Causas de resolución*

Serán causas de resolución do convenio as seguintes:

- a) O mutuo acordo das partes que o subscriben, manifestado por escrito.
- b) O incumprimento de calquera das súas cláusulas.
- c) A imposibilidade legal ou material de continuar co obxecto do convenio.

Décima. *Datos persoais*

De conformidade co establecido nos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e no artigo 29 da Lei autonómica 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as partes asinantes manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan no presente convenio e demais especificacións contidas nel poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

As partes comprométense a tratar os datos persoais que fosen postos no seu coñecemento unicamente coa finalidade e co alcance de executar o establecido no presente convenio, respectando os requisitos establecidos na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e na súa normativa de desenvolvemento.

Décimo primeira. *Réxime xurídico*

O presente convenio ten carácter administrativo e réxese para os seus efectos polas súas cláusulas, non lle será de aplicación a lexislación de contratos do sector público, conforme ao disposto no no artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, sen prexuízo da aplicación supletoria dos principios da



Asinado por: VILLABERDE PAIS, MARIA TERESA
Cargo: Alcaldesa (Concello de Lousame)
Data e hora: 15/12/2023 09:19:44

Asinado por: VAZQUEZ MEJUTO, MARIA ANGELES
Cargo: Presidenta do IGV
Data e hora: 15/12/2023 13:11:10



lei para resolver as dúbidas ou lagoas que se puidesen presentar.

Dada a natureza xurídico pública do presente documento, as controversias que puidesen xurdir na aplicación do convenio, non solucionadas pola Comisión de Seguimento, serán resoltas pola xurisdición contencioso - administrativa.

E en proba de conformidade, asinan electronicamente este convenio na data indicada.

Polo Instituto Galego da Vivenda e Solo

Polo Concello de Lousame

Ángeles Vázquez Mejuto

María Teresa Villaverde Pais



CONCELLO DE LOUSAME

RESOLUCIÓN DE REAXUSTE DE ANUALIDADES DO IMPORTE DO FONDO DE COOPERACIÓN

Procedemento: VI438A.

Normativa:

Resolución do 20 de setembro de 2016 pola que se crea o Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes (Diario Oficial de Galicia núm. 182, do 22 de setembro de 2016).

Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia (Diario Oficial de Galicia núm. 83, do 2 de maio).

Resolución do 17 de xuño de 2022, pola que se convoca, para a anualidade 2022, o acceso ao Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes (Diario Oficial de Galicia núm. 124, do 30 de xuño de 2022)

Solicitante: Concello de Lousame

NIF: P1504300C

Núm. Expediente: FCR-025/2022.

Actuación para a que solicita financiamento: "Redución de contaminación lumínica e mellora da eficiencia nos alumeados públicos do concello de Lousame"

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro: O concello interesado presentou, dentro do prazo establecido, unha solicitude de acceso ao financiamento a través do Fondo de cooperación, que foi admitida a trámite.

Segundo: O 30 de novembro de 2022 o Instituto Galego de Vivenda e Solo (en diante IGVS) e o Concello de Lousame asinaron un convenio de colaboración para o acceso ao fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes da seguinte actuación:

Obxecto: "Redución de contaminación lumínica e mellora da eficiencia nos alumeados públicos do concello de Lousame".



Orzamento total: 250.107 €.
Importe do financiamento: 37.516,05 €.
Prazo de reposición: 8 ANOS:
-Anualidade: 2023 -Importe: 4.689,51 €
-Anualidade: 2024 -Importe: 4.689,51 €
-Anualidade: 2025 -Importe: 4.689,51 €
-Anualidade: 2026 -Importe: 4.689,51 €
-Anualidade: 2027 -Importe: 4.689,51 €
-Anualidade: 2028 -Importe: 4.689,51 €
-Anualidade: 2029 -Importe: 4.689,51 €
-Anualidade: 2030 -Importe: 4.689,48 €

Terceiro: O 25 de febreiro de 2025 o Concello de Lousame ingresa na conta do IGVS unha cantidade por un importe de 2.937,28 €.

Cuarto: O Concello de Lousame solicita un reaxuste das contías a devolver nos vindeiros exercicios, ata a amortización total do préstamo.

Quinto: O 3 de marzo de 2025 a persoa titular da Dirección Técnica de Axudas á Vivenda do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS) emitiu a correspondente proposta de resolución.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeira: A competencia para adoptar esta resolución corresponde á persoa titular da Dirección Xeral do IGVS, por delegación da persoa titular da Presidencia do IGVS, de conformidade co establecido no ordinal décimo da Resolución do 17 de xuño de 2022.

Segunda: O ordinal décimo quinto punto 2 da dita resolución establece que os concellos poderán, en calquera momento, amortizar, total ou parcialmente, o importe pendente da disposición.

O importe amortizado aplicarase proporcionalmente ás anualidades seguintes a aquela en que se realice a amortización.

O IGVS comunicará ao concello as cantidades que se aboarán en cada anualidade como consecuencia da amortización.

Polo exposto, logo de examinar o expediente administrativo e de acordo coa proposta de resolución, RESOLVO:

Primeiro: Aceptar a amortización parcial por importe de DOUS MIL NOVECENTOS TRINTA E SETE EUROS CON VINTE E OITO CÉNTIMOS (2.937,28 €) do Convenio do Fondo de Cooperación asinado entre o IGVS e o Concello de Lousame do día 30 de novembro de 2022.

Segundo: O Concello de Lousame deberá repoñer, no número de conta ES97 2080



CVE: lrcgBov6LoZ0
Verificación: <https://sede.xunta.gal/ove>

Asinado por: GARCIA PORTO, HERIBERTO
Cargo: Director Xeral
Data e hora: 03/03/2025 14:50:14



0388 28 3110002902, con indicación do seu concepto, a cantidade de 25.199,75 € pendente de abonar con cargo ao Fondo de cooperación no prazo de 6 anos, e antes do 30 de setembro de cada ano, mediante o ingreso dos seguintes importes:

-Anualidade 2025	-Importe: 4.199,96 €
-Anualidade 2026	-Importe: 4.199,96 €
-Anualidade 2027	-Importe: 4.199,96 €
-Anualidade 2028	-Importe: 4.199,96 €
-Anualidade 2029	-Importe: 4.199,96 €
-Anualidade 2030	-Importe: 4.199,95 €

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Presidencia do IGVS no prazo de un (1) mes, contado desde o día seguinte ao da súa notificación.

Santiago de Compostela,
A presidenta do IGVS
P.D. O director xeral do IGVS (Resolución do 17 de xuño de 2022. DOG núm. 124, do 30 de xuño)
Heriberto García Porto
(Documento asinado electronicamente)



CONCELLO DE LOUSAME

RESOLUCIÓN DE REAXUSTE DE ANUALIDADES DO IMPORTE DO FONDO DE COOPERACIÓN

Procedemento: VI438A.

Normativa:

Resolución do 20 de setembro de 2016 pola que se crea o Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes (Diario Oficial de Galicia núm. 182, do 22 de setembro de 2016).

Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia (Diario Oficial de Galicia núm. 83, do 2 de maio).

Resolución do 17 de xuño de 2022, pola que se convoca, para a anualidade 2022, o acceso ao Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes (Diario Oficial de Galicia núm. 124, do 30 de xuño de 2022)

Solicitante: Concello de Lousame

NIF: P1504300C

Núm. Expediente: FCR-028/2022.

Actuación para a que solicita financiamento: "Melloras no entorno da igrexa de San Xoán de Lousame"

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro: O concello interesado presentou, dentro do prazo establecido, unha solicitude de acceso ao financiamento a través do Fondo de cooperación, que foi admitida a trámite.

Segundo: O 30 de novembro de 2022 o Instituto Galego de Vivenda e Solo (en diante IGVS) e o Concello de Lousame asinaron un convenio de colaboración para o acceso ao fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes da seguinte actuación:

Obxecto: "Melloras no entorno da igrexa de San Xoán de Lousame".



-Contía que se vai dispor con cargo ao Fondo de cooperación: 66.334,11 €.
-Prazo de reposición da cantidade: 8 anos.
-Importe (€) correspondente a cada anualidade:

-Anualidade: 2023 -Importe: 8.291,76 €
-Anualidade: 2024 -Importe: 8.291,76 €
-Anualidade: 2025 -Importe: 8.291,76 €
-Anualidade: 2026 -Importe: 8.291,76 €
-Anualidade: 2027 -Importe: 8.291,76 €
-Anualidade: 2028 -Importe: 8.291,76 €
-Anualidade: 2029 -Importe: 8.291,76 €
-Anualidade: 2030 -Importe: 8.291,79 €

Terceiro: O 10 de marzo de 2025 o Concello de Lousame ingresa na conta do IGVS unha cantidade por un importe de 4.006,59 €.

Cuarto: O 11 de marzo de 2025 o Concello de Lousame solicita un reaxuste das contías a devolver nos vindeiros exercicios, ata a amortización total do préstamo.

Quinto: O 11 de marzo de 2025 a persoa titular da Dirección Técnica de Axudas á Vivenda do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS) emitiu a correspondente proposta de resolución.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeira: A competencia para adoptar esta resolución corresponde á persoa titular da Dirección Xeral do IGVS, por delegación da persoa titular da Presidencia do IGVS, de conformidade co establecido no ordinal décimo da Resolución do 17 de xuño de 2022.

Segunda: O ordinal décimo quinto punto 2 da dita resolución establece que os concellos poderán, en calquera momento, amortizar, total ou parcialmente, o importe pendente da disposición.

O importe amortizado aplicárase proporcionalmente ás anualidades seguintes a aquela en que se realice a amortización.

O IGVS comunicará ao concello as cantidades que se aboarán en cada anualidade como consecuencia da amortización.

Polo exposto, logo de examinar o expediente administrativo e de acordo coa proposta de resolución, RESOLVO:

Primeiro: Aceptar a amortización parcial por importe de CATRO MIL SEIS CON CINCUENTA E NOVE CÉNTIMOS (4.006,59 €) do Convenio do Fondo de Cooperación asinado entre o IGVS e o Concello de Lousame do día 30 de novembro de 2022.

Segundo: O Concello de Lousame deberá repoñer, no número de conta ES97 2080 0388 28 3110002902, con indicación do seu concepto, a cantidade de 45.744 €



CVE: M5otYjEWtYQ6
Verificación: <https://sede.xunta.gal/ove>

Asinado por: GARCIA PORTO, HERIBERTO
Cargo: Director Xeral
Data e hora: 11/03/2025 15:29:50



pendente de abonar con cargo ao Fondo de cooperación no prazo de 6 anos, e antes do 30 de setembro de cada ano, mediante o ingreso dos seguintes importes:

-Anualidade 2025	-Importe: 7.624 €
-Anualidade 2026	-Importe: 7.624 €
-Anualidade 2027	-Importe: 7.624 €
-Anualidade 2028	-Importe: 7.624 €
-Anualidade 2029	-Importe: 7.624 €
-Anualidade 2030	-Importe: 7.624 €

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Presidencia do IGVS no prazo de un (1) mes, contado desde o día seguinte ao da súa notificación.

Santiago de Compostela,

A presidenta do IGVS

P.D. O director xeral do IGVS (Resolución do 17 de xuño de 2022. DOG núm. 124, do 30 de xuño)

Heriberto García Porto

(Documento asinado electronicamente)



CONCELLO DE LOUSAME

RESOLUCIÓN DE REAXUSTE DE ANUALIDADES DO IMPORTE DO FONDO DE COOPERACIÓN

Procedemento: VI438A.

Normativa:

Resolución do 20 de setembro de 2016 pola que se crea o Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes (Diario Oficial de Galicia núm. 182, do 22 de setembro de 2016).

Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia (Diario Oficial de Galicia núm. 83, do 2 de maio).

Resolución do 17 de xuño de 2022, pola que se convoca, para a anualidade 2022, o acceso ao Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes (Diario Oficial de Galicia núm. 124, do 30 de xuño de 2022)

Solicitante: Concello de Lousame

NIF: P1504300C

Núm. Expediente: FCR-030/2022.

Actuación para a que solicita financiamento: "Melloras no Lavadoiro de Lesende"

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro: O concello interesado presentou, dentro do prazo establecido, unha solicitude de acceso ao financiamento a través do Fondo de cooperación, que foi admitida a trámite.

Segundo: O 30 de novembro de 2022 o Instituto Galego de Vivenda e Solo (en diante IGVS) e o Concello de Lousame asinaron un convenio de colaboración para o acceso ao fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes da seguinte actuación:

Obxecto: "Melloras no Lavadoiro de Lesende".

-Contía que se vai dispor con cargo ao Fondo de cooperación: 49.545,12 €.



INSTITUTO
GALEGO DA
VIVENDA E SOLO

-Prazo de reposición da cantidade: 8 anos.
-Importe (€) correspondente a cada anualidade:

-Anualidade: 2023	-Importe: 6.193,14 €
-Anualidade: 2024	-Importe: 6.193,14 €
-Anualidade: 2025	-Importe: 6.193,14 €
-Anualidade: 2026	-Importe: 6.193,14 €
-Anualidade: 2027	-Importe: 6.193,14 €
-Anualidade: 2028	-Importe: 6.193,14 €
-Anualidade: 2029	-Importe: 6.193,14 €
-Anualidade: 2030	-Importe: 6.193,14 €

Terceiro: O 10 de marzo de 2025 o Concello de Lousame ingresa na conta do IGVS unha cantidade por un importe de 750,66 €.

Cuarto: O 11 de marzo de 2025 o Concello de Lousame solicita un reaxuste das contías a devolver nos vindeiros exercicios, ata a amortización total do préstamo.

Quinto: O 11 de marzo de 2025 a persoa titular da Dirección Técnica de Axudas á Vivenda do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS) emitiu a correspondente proposta de resolución.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeira: A competencia para adoptar esta resolución corresponde á persoa titular da Dirección Xeral do IGVS, por delegación da persoa titular da Presidencia do IGVS, de conformidade co establecido no ordinal décimo da Resolución do 17 de xuño de 2022.

Segunda: O ordinal décimo quinto punto 2 da dita resolución establece que os concellos poderán, en calquera momento, amortizar, total ou parcialmente, o importe pendente da disposición.

O importe amortizado aplicarase proporcionalmente ás anualidades seguintes a aquela en que se realice a amortización.

O IGVS comunicará ao concello as cantidades que se aboarán en cada anualidade como consecuencia da amortización.

Polo exposto, logo de examinar o expediente administrativo e de acordo coa proposta de resolución, RESOLVO:



Primeiro: Aceptar a amortización parcial por importe de SETECENTOS CINCUENTA EUROS CON SESENTA E SEIS CÉNTIMOS (750,66 €) do Convenio do Fondo de Cooperación asinado entre o IGVS e o Concello de Lousame do día 30 de novembro de 2022.

Segundo: O Concello de Lousame deberá repoñer, no número de conta ES97 2080 0388 28 3110002902, con indicación do seu concepto, a cantidade de 36.408,18 € pendente de abonar con cargo ao Fondo de cooperación no prazo de 6 anos, e antes do 30 de setembro de cada ano, mediante o ingreso dos seguintes importes:

-Anualidade 2025	-Importe: 6.068,03 €
-Anualidade 2026	-Importe: 6.068,03 €
-Anualidade 2027	-Importe: 6.068,03 €
-Anualidade 2028	-Importe: 6.068,03 €
-Anualidade 2029	-Importe: 6.068,03 €
-Anualidade 2030	-Importe: 6.068,03 €

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Presidencia do IGVS no prazo de un (1) mes, contado desde o día seguinte ao da súa notificación.

Santiago de Compostela,
A presidenta do IGVS
P.D. O director xeral do IGVS (Resolución do 17 de xuño de 2022. DOG núm. 124, do 30 de xuño)
Heriberto García Porto
(Documento asinado electronicamente)



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concelloodelousame.com
concelloodelousame@concelloodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ANEXO DE INVESTIMENTOS

(Anexo de Investimentos en cumprimento do disposto nos artigos 168.1d) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e artigo 18.1.d do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril)

No capítulo 6 do Orzamento de Gastos, están consignados os seguintes investimentos:

AG	Econ.	Investimento	Importe	Concello	Outras AAPP
1532	61900	Mellora de viario a Agriño	57.601,95		57.601,95
1532	61900	Pavimentación interior en Chave	54.740,02		54.740,02
1532	61900	Mellora da pista de acceso a Capelo dende a AC-308	69.448,70		69.448,70
1532	61900	Pavimentación núcleo de Cairo	139.419,10		139.419,10
1532	61900	Mellora viario en Ces	31.677,88		31.677,88
1532	61900	Mellora acceso a Pascual e outro	36.824,63		36.824,63
1532	61900	Mellora da pista de Marracín de arriba a Sanguinal	34.778,12		34.778,12
1532	61900	Pista de Fruime a Silvarredonda. Anualidade 2025	37.836,27	6.566,63	31.269,64
1532	61900	Acceso a Valdueira (Berrimes)	48.399,37	14.519,81	33.879,56
160	60900	Saneamento en Gandarela	33.431,25	6.686,25	26.745,00
333	63200	Focos escenario Casa Cultura	10.000,00		10.000,00
333	63200	Equipamento cultural CT211B	13.009,00	1.300,90	11.708,10
337	63200	Mellora da eficiencia enerxética no local social de Cruído	18.453,47		18.453,47
342	62200	Vestiaros no campo de fútbol. Anualidade 2025	180.565,18		180.565,18
342	63200	Renovación sistema auga quente sanitaria polideportivo da Silva	59.905,68		59.905,68
TOTAIS			826.090,62	29.073,59	797.017,03

¹ Vestiaros no campo de fútbol: O importe total do investimento ascende a 261.904,50 €, dos cales a Xunta de Galicia asume na anualidade 2024: 28.958,42 € e na anualidade 2025: 180.565,18 €. A achega restante até completar o total do investimento finánciase con cargo ao préstamo concedido polo IGVS no ano 2023 (43.997,78 €) e unha achega municipal de 8.383,12 € dotada no 2024 e que se incorpora ao 2025 mediante unha modificación orzamentaria (IRC)

² Achegas municipais (senaladas en cor vermella): O crédito necesario para dotar as diferentes achegas municipais para os investimentos reseñados, será consignado grazas á tramitación dunha modificación orzamentaria (suplemento de crédito) que se aprobará de xeito simultáneo ou sucesivo co orzamento municipal 2025.

Lousame, na data da sinatura dixital.

A Alcadesa, M^a Teresa Villaverde Pais.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1.
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ANEXO DE BENEFICIOS FISCAIS DO PROXECTO DE ORZAMENTO EXERCICIO 2025

(Anexo de Beneficios Fiscais en cumprimento do disposto nos artigos 168.1e) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais)

O Anexo de Beneficios Fiscais (ABF) ten como principal obxectivo cuantificar os beneficios fiscais que afectan aos tributos e así dar cumprimento ao mandato recolleito no artigo 168.1 e) do TRLHL. Para isto, analizaráanse os seguintes parámetros:

- Delimitación do concepto de beneficio fiscal.
- O exame dos cambios normativos recentes que puidesen afectar e, cando se dispoña de información suficiente, o procedemento para avalialos cuantitativamente.
- Beneficios Fiscais e o seu impacto na recadación.

1. CONCEPTO DE BENEFICIO FISCAL

Enténdese como a expresión cifrada da diminución ou aumento de ingresos tributarios que, presumiblemente, se producirán ao longo do ano 2025, como consecuencia da existencia de incentivos fiscais ou diminucións da cota fiscal, orientados ao logro de determinados obxectivos de política económica e social.

Os beneficios fiscais refírense exclusivamente aos do propio Municipio. E en todo caso, os trazos ou condicións que un determinado concepto ou parámetro impositivo debe posuír para que se considere que xera un beneficio fiscal, **poderán ser os seguintes:**

- a. Ser un incentivo que, por razóns de política fiscal, económica ou social, intégrease no ordenamento tributario e estea dirixido a un determinado colectivo de contribuíntes ou a potenciar o desenvolvemento dunha actividade económica concreta.
- b. Desviarse de forma intencionada respecto da estrutura básica do tributo, entendendo por ela a configuración estable que responde o feito impositivo que se pretende gravar.
- c. Existir a posibilidade legal de alterar o sistema fiscal para eliminar o beneficio fiscal ou cambiar a súa definición.
- d. Non presentarse compensación algunha do eventual beneficio fiscal noutra figura do sistema fiscal
- e. Etcétera.

Debe quedar claro, que os Municipios deben recoñecer como beneficios fiscais, nos tributos locais, os incluídos no artigo 9 do TRLHL, e en concreto:

1. Os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais, e **excepcionalmente**, as que establezan nas súas ordenanzas fiscais nos supostos expresamente previstos pola lei.
2. As fórmulas de compensación que procedan.
3. Cando o Estado outorgue moratorias ou adiamentos no pago de tributos locais a algunha persoa ou entidade, quedará obrigado a arbitrar as fórmulas de compensación ou anticipo que procedan en favor da entidade local respectiva.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1.
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

2. CAMBIOS NORMATIVOS RECENTES QUE PUDESEN AFECTAR AO ESTADO DE INGRESOS DO 2025

Pola aplicación do principio de importancia relativa, pode concluírse que non existe ningún cambio normativo recente nas ordenanzas municipais relativo á introdución ou supresión de beneficios fiscais en tributos locais, que poida ter incidencia no estado de ingresos do Concello no exercicio 2025.

3. BENEFICIOS FISCAIS E O SEU IMPACTO NA RECADACIÓN

Os datos que se achegan baséanse na documentación posta a disposición por parte da Excm. Deputación Provincial da Coruña, a través da intranet, relativos ao exercicio 2024, e que terán repercusión no orzamento do 2025, ao percibir durante o mesmo as entregas definitivas en concepto de recadación voluntaria dos padróns fiscais do 2024:

ANEXO I BENEFICIOS FISCAIS 2024 do 01/01/2024 ao 31/12/2024

		Valores		
CONCEPTO		OBRIGATORIOS	VOLUNTARIOS	TOTAL
LOUSAME	IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES RÚSTICOS	8.304,03	4.162,96	12.466,99
	IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES URBANOS	5.420,14	6.005,50	11.425,64
	IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA	31.086,30	6.464,36	37.550,66
Total LOUSAME		44.810,47	16.632,82	61.443,29

EXPLICACIÓN DE BENEFICIOS FISCAIS EN IMPOSTOS 2024 (01/01/2024 a 31/12/2024)

CONCELLO	CONCEPTO	TIPO BRFF	Total
LOUSAME	IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES RÚSTICOS	Outros beneficios fiscais non incluídos anteriormente	12.466,99
	Total IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES RÚSTICOS		12.466,99
	IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES URBANOS	Outros beneficios fiscais non incluídos anteriormente	10.372,77
		Bonificación por familia numerosa (art. 74.4 TRLRFL)	1.052,87
	Total IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES URBANOS		11.425,64
	IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA	93.1.e TRLRHL-Vehículos para persoas con mobilidade reducida ou discapacidade	9.006,71
		93.1.g TRLRHL-Vehículos agrícolas	22.079,59
		95.6.c TRLRHL-Vehículos históricos ou antigüidade min. de 25 anos	6.464,36
	Total IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA		37.550,66
Total LOUSAME			61.443,29

Lousame, na data da sinatura dixital.
A Alcaldesa, M^a Teresa Villaverde Pais.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ANEXO DE CONVENIOS SUSCRITOS CON COMUNIDADES AUTÓNOMAS EN MATERIA DE GASTO SOCIAL

(Anexo en cumprimento do disposto no artigo 168.1 f) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais)

D^a M^a Teresa Villaverde Pais, na miña calidade de alcaldesa, emito o presente Anexo en cumprimento do disposto no artigo 168.1 f) do TRLRFL.

Coa nova redacción do artigo 168 esíxese que se cumprimente a seguinte información relativa aos convenios subscritos coas Comunidades Autónomas en materia de gasto social coas seguintes especificacións:

- Contía das obrigas de pago e dos dereitos económicos que se deban recoñecer no exercicio ao que se refiren os orzamentos.
- Contía das obrigas pendentes de pagamento e os dereitos económicos pendentes de cobro recoñecidos en exercicios anteriores.
- Aplicacións orzamentarias nas que se recollan os importes anteriores.
- Referencia a que ditos convenios inclúen a cláusula de retención de recursos do sistema de financiamento á que se refire o artigo 57 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Non consta ningún convenio que reúna as características indicadas, xa que o único que podería ser considerado sería o formalizado co Consorcio Galego de Igualdade e Benestar para o Servizo Xantar na casa.

